


**CELEBRAR A PASCUA**

**EN FAMILIA**



## Ambientación

Sentámonos ao redor dunha mesa na que colocaremos un cunco con auga (bendita, se é posible) e unha ou varias velas sen acender. Apagamos a luz, representando así a escuridade do sepulcro no que fora depositado o corpo de Xesús logo de ser crucificado.

## Saúdo

Guía: (mentres se fai o sinal da cruz)

No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Todos: Amén.

## Introdución

Guía:

Toda a Semana Santa ten o seu centro na Vixilia Pascual, que se celebra na noite do Sábado Santo: a Noite Santa. Nela celebramos a gran noite da Resurrección de Xesús: a Luz, a Palabra, a auga e o Banquete son signos desta gran festa.

A Vixilia Pascual é o centro do ano litúrxico e, sen dúbida, a celebración máis importante para os cristiáns, pois é unha luz acesa no medio da escuridade. Nela celebramos a Pascua do Señor, é dicir, o seu paso da Morte á Resurrección, e, con El e nel, da nosa pascua. É dicir, ¡Xesús resucita para traernos Vida nova!

Nestes momentos de pandemia, é máis necesario que nunca fortalecer a nosa fe e esperanza en Cristo Vivo e Resucitado. Por iso, hoxe queremos descubrir que aquel que polos nosos pecados foi crucificado, resucitou e está vivo no medio de nós; que El é a Luz que ilumina a noite, e que fai desta noite unha Noite Santa; que El é a auga que salta ata a Vida eterna.

Acendemos a/s candea/s mentres escoitamos a canción “O CIRIO É CRISTO”. Podemos atopar unha versión no seguinte enlace: [https://www.youtube.com/watch?v=yWIRKUD9\\_xl](https://www.youtube.com/watch?v=yWIRKUD9_xl).

Tamén podemos cantar unha canción sobre a luz: “El Señor es mi luz”.

Despois, acendemos a luz e dispoñémonos a escoitar a Palabra de Deus.

## Lectura

*Pasado o sábado, na alborada do primeiro día da semana, María Magdalena e mais a outra María foron visitar o sepulcro. Entón produciuse un grande terremoto, xa que o anxo do Señor, baixando do ceo, removeu a lousa e sentou enriba dela.*

*Tiña o aspecto dun relampo e o seu vestido era branco coma a neve. Os gardas tremeron co medo, ficando coma mortos.*

*Mais o anxo díxolles ás mulleres:*

- *«Non teñades medo, ben sei que buscades a Xesús o crucificado. Non está aquí, resucitou tal como dixera. Vinde ver o sitio onde estaba. E ide axiña dicirlles ós seus discípulos: "Resucitou de entre os mortos e vai diante de vós para Galilea: alí o veredes". Iso é o que vos tiña que dicir».*

*Elas marcharon do sepulcro con toda a présa, con temor pero cheas de gozo; e correron para llelo comunicaren ós seus discípulos.*

*Entón Xesús saíulles ó encontro dicindo:*

- *«Alegrádevos».*

*Elas, achegándose, abrazáronlle os pés e prostráronse ante el.*

*Xesús díxolles:*

- *«Non teñades medo: ide avisar a meus irmáns de que marchen para Galilea, que alí me verán».*

**Lector:** Palabra do Señor.

**Todos:** Gloria a Ti Señor Xesús.

## Comentario

A resurrección é unha “explosión· de vida. O crucificado está resucitado e dos seus beizos escoitamos palabras de gozo (“alegrádevos”) e esperanza (“non teñades medo”).

Palabras que nos fan entender, máis se cabe nesta situación, que o mal e a morte non teñen a última palabra; esta pertence a Deus e é sempre de vida.

**Podemos ler as páxinas 66-67 do catecismo *Xesús é o Señor*.**

**Facemos un breve silencio e escoitamos unha canción de vida:**

***Vive Jesús, el Señor:*** <https://www.youtube.com/watch?v=iCf6aysAPv0>.

***Bendito Ti Xesús resucitado:*** [https://www.youtube.com/watch?v=ONiGUV\\_Rjf4](https://www.youtube.com/watch?v=ONiGUV_Rjf4)

**Tamén podemos ver este vídeo:**

<https://nazaret.tv/video/34/cancioacuten-de-la-resurreccioacuten---valivan>

## Xesto bautismal

### Guía:

Agora queremos recordar o día do noso bautismo, o día en que fomos feitos fillos de Deus e membros da Igrexa. Sabemos que, grazas ao Misterio Pascual de Xesús que esta noite celebraremos, por medio do Bautismo pasamos da morte á Vida.

Pronunciamos a seguinte manifestación de fe, e despois facemos o sinal da cruz mollando os nosos dedos no auga (se é posible, bendita) que temos no cunco sobre a mesa.

### Cada un dos presentes di:

Creo, Deus Pai, que, pola acción do Espírito Santo,  
resucitaches ao teu Fillo Xesús para darnos Vida eterna.  
No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.  
Amén.

## Oración Universal

### Guía:

Finalmente, queremos rezar por todas aquelas persoas afectadas por mor da pandemia do Coronavirus. Facémolo dicindo: *Xesús Resucitado e Vivo entre nós, escóitanos.*

**Lector:** Polos que están sufrindo no seu propio corpo a enfermidade do coronavirus.

**Todos:** *Xesús Resucitado e Vivo entre nós, escóitanos.*

**Lector:** Polos que están ingresados nos hospitais e precisan un coidado moi especial.

**Todos:** *Xesús Resucitado e Vivo entre nós, escóitanos.*

**Lector:** Polos que os atenden e necesitan forzas e medios para facelo.

**Todos:** *Xesús Resucitado e Vivo entre nós, escóitanos.*

**Lector:** Por todos os profesionais que fan posible que poidamos ter o necesario para vivir nestas circunstancias.

**Todos:** *Xesús Resucitado e Vivo entre nós, escóitanos.*

**Lector:** Polo descanso eterno de todos os que faleceron.

**Todos:** *Xesús Resucitado e Vivo entre nós, escóitanos.*

Podemos engadir todas aquelas intencións que queiramos presentar ao Resucitado para que as encha de Vida.

## Noso Pai

*Todos:* Noso Pai que estás no ceo;  
santificado sexa o teu nome,  
veña o teu reino e fágase a túa vontade  
aquí na terra coma no ceo.  
Dáanos hoxe o noso pan de cada día;  
perdoa as nosas ofensas,  
como tamén perdoamos nós  
a quen nos ten ofendido;  
e non nos deixes caer na tentación,  
mais líbranos do mal.  
Amén.

## Oración final

*Guía:*


Oh Deus,  
que pola resurrección do teu Fillo,  
o noso Señor Xesucristo,  
enchiches o mundo de alegría,  
concédenos, por intercesión da súa Nai,  
a Virxe María,  
chegar a alcanzar os gozos eternos.  
Por Xesucristo o noso Señor.

*Todos:* Amén.

Achégase un debuxo dun Cristo Resucitado para que os nenos o coloreen, recorten e ordenen as súas pezas sobre unha cruz.

Esta cruz co Resucitado pegarase detrás da que coloreamos onte co Crucificado; así descubriremos que o Crucificado é o Resucitado.

**COLOREA, RECORTA E ORDENA AS PEZAS DESTE PUZZLE. PÉGAAS SOBRE A CRUZ. ÚNEA Á CRUZ QUE COLOREAMOS ONTE. ASÍ DESCUBRIRÁS QUE ¡¡“O CRUCIFICADO” É “O RESUCITADO”!!**



**PEGA SOBRE ESTA CRUZ AS PEZAS DO RESUCITADO**

